



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 211 · Luns, 13 setembro 2010

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

IV. ENTIDADES LOCAIS

San Cristovo de Cea

Aprobación definitiva do Plan especial para a creación
de solo urbanizado industrial 2

IV. ENTIDADES LOCALES

San Cristovo de Cea

Aprobación definitiva del Plan especial para la creación
de suelo urbanizado industrial 24



IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

San Cristovo de Cea

Documento I: memoria xustificativa

Índice memoria xustificativa

1. Antecedentes

1.01. Obxecto do proxecto

1.02. Contido

2. Marco urbanístico aplicable

3. Información urbanística

3.01. Situación, delimitación e relación co contorno

3.02. Características naturais e topográficas dos terreos

3.03. Usos e edificacións existentes

3.04. Estrutura da propiedade do solo

4. Memoria descritiva e xustificativa da ordenación

4.01. Adecuación ás determinacións do planeamento de rango superior

4.02. Descrición da ordenación

4.03. Zonificación e usos pormenorizados

4.03.01. Cumprimento do artigo 46 "límites de sostibilidade"

4.03.02. Cumprimento dos estándares fixados no artigo 47 "calidade de vida e cohesión social"

4.04. Cadro zonificación e usos pormenorizados

4.05. Aliñacións e rasantes

5. Trazado e características das infraestruturas básicas

5.01. Rede viaria

5.02. Rede de abastecemento de auga

5.03. Rede de saneamento

5.04. Rede de enerxía eléctrica

5.05. Rede de iluminación pública

5.06. Rede de telecomunicacións

1. Antecedentes

1.01. Obxecto do proxecto

Redáctase este Plan especial coa finalidade da creación de solo urbanizado industrial compatible con terciario, que posibilite a implantación de empresas dentro do termo municipal de San Cristovo de Cea.

Son varios os obxectivos polos que se formula este Plan especial:

- O Concello de San Cristovo de Cea ten asinado un convenio cunha empresa de segunda transformación da madeira para a creación de 120 postos de traballo. Esta empresa ten a necesidade dunha gran cantidade de terreo urbanizado para desenvolver-la súa actividade.

Con data de xuño de 2009 os datos de desemprego deste concello e dos máis próximos son os seguintes:

Desempregados por sexo e idade

Concello; Menores de 25 anos; Maiores de 25 anos; Total (N.º; %)

Amoeiro; 13; 77; 90; 6,45

Piñor; 3; 45; 48; 5,67

San Cristovo de Cea; 8; 92; 100; 6,28

Vilamarín; 8; 67; 75; 5,52

- Nesta comarca desenvólvense varias actividades relacionadas co sector da madeira, que actualmente están atravesando unha importante crise.

As empresas existentes relacionadas co sector da madeira son as seguintes:

Serradoiros e extracción

Concello; Serradoiros; Extracción; Total

Amoeiro; 0; 3; 3

Piñor; 3; 1; 4

San Cristovo de Cea; 3; 3; 6

Vilamarín; 4; 2; 6

Este documento ten carácter de Plan especial e desenvolve mediante a súa ordenación detallada as súas determinacións, as condicións de implantación dos servizos urbanísticos para crear solo urbanizado nun ámbito sen ningún valor de protección para dotar ó termo municipal con solo urbanizado industrial. E ten por obxecto:

- A asignación de usos pormenorizados e a delimitación das zonas en que se ordena en razón dos ditos usos.

- O sinalamento de reservas de terreos para sistema de espazos libres públicos destinado a parques, xardíns, áreas de ocio, expansión e recreo da poboación; reservas de terreos para sistema de equipamentos públicos destinado a prestación de servizos sanitarios, asistenciais, educativos, culturais, deportivos e outros que sexan necesarios; así como a dotación das prazas de aparcamento de dominio público; todo conforme ó establecido no artigo 47 "Calidade de vida e cohesión social" da "Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 31/12/2002), coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, (DOG 31/12/2004), pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG 16/05/2007); pola Lei 3/2008, de maio, de ordenación da minería de Galicia (DOG 6/06/2008); e pola Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo (DOG 30/06/2008)" (en diante LOUGA).

- O trazado e as características da rede de comunicacións propias do sector e dos seus enlaces co sistema xeral de comunicacións existente, con sinalamento de aliñacións, rasantes e zonas de protección da rede viaria, así como a previsión de aparcamentos na proporción legalmente establecida.

- A definición e o trazado das redes de abastecemento de auga, saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública e telecomunicacións previstas por este Plan especial.

- A avaliación económica da implantación dos servizos indicados e das obras de urbanización necesarias.

- O Plan de etapas para a execución das ditas obras de urbanización.

- Estudo do medio rural circunscrito.

As determinacións contidas neste Plan especial, e, en especial, as que se establecen nas normas de ordenación, serán de aplicación para o ámbito territorial deste en todo o que non se opoña ó planeamento de rango superior, e sen prexuízo da lexislación sectorial aplicable.

1.02. Contido.

O contido deste documento é o propio dos Plans especiais de ordenación e comprende, consecuentemente: os planos de información (incluído o catastral) e de ordenación; os estudos xustificativos necesarios para a ordenación detallada do ámbito; así como as determinacións dos servizos e as ordenanzas reguladoras necesarias para a súa execución.

Utilízase como apoio a cartografía da Xunta de Galicia a escala 1:5000 realizada con base nun voo fotogramétrico de 1994, e levantamento topográfico baseada na restitución fotográfica de 2009.

2. Marco urbanístico aplicable

Este Plan especial redáctase con base na disposición adicional primeira, apartado 1, da LOUGA, que establece:

"En municipios con poboación inferior a 5.000 habitantes e sen planeamento xeral, poderán formularse plans especiais que teñan por obxecto a execución de actuacións públicas para crear solo urbanizado con destino a usos industriais, terciarios,



de equipamentos públicos ou a construción de vivendas de promoción pública.”

O Concello de San Cristovo de Cea ten unha poboación inferior a 5.000 habitantes e non conta con planeamento xeral.

A este plan aplícanse os estándares establecidos no artigo 47 “calidade de vida e cohesión social”, así como os “límites de sostibilidade” do artigo 46 da LOUGA en aplicación da disposición adicional primeira, apartado 3, da LOUGA que establece:

“O contido do plan especial será determinado regulamentariamente e, en todo caso, serán de aplicación os estándares de reserva de solo para dotacións e as limitacións de intensidade esixidas para o solo urbanizable non-delimitado.”

Entre a documentación figura o Estudo do medio rural circunscrito conforme ó establecido no apartado 4 da disposición adicional primeira da LOUGA, que establece:

“O plan especial deberá incluír entre a súa documentación o estudo do medio rural circunscrito ó seu ámbito e incidencia da nova actuación no seu contorno e o estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico ó que se refire o artigo 61.4 desta lei”.

O apartado 4 do artigo 61 está derogado pola Lei 6/2007. Polo tanto soamente se inclúe o Estudo do medio rural circunscrito, que está sometido a avaliación ambiental estratéxica.

3. Información urbanística

3.01. Situación, delimitación e relación co contorno

O ámbito que se desenvolverá sitúase no concello de San Cristovo de Cea, pertencente á provincia de Ourense.

O seus lindeiros son os seguintes:

- Ó nordeste, coa N-525 Zamora a Santiago.
- Ó noroeste, con río Maraño e con solo rústico.
- Resto dos lindeiros: con solo rústico.

A superficie total do ámbito medida sobre plano de cartografía da Xunta de Galicia a escala 1:5000 realizada con base nun voo fotogramétrico de 1994 é de 345.677 m².

A localización nesta zona obedece a razóns de boas comunicacións coa rede de estradas de Galicia e nacionais.

3.02. Características naturais e topográficas dos terreos

Os terreos do Plan especial ocupan terreos sen labrar, algúns prados e varias parcelas de montes comunais. O perímetro ten unha forma irregular.

A topografía móstranos unha área con caídas non moi pronunciadas dende a estrada nacional 525 ata o río Maraño.

3.03. Usos e edificacións existentes

Os terreos incluídos no Plan especial teñen marcado carácter rural. Son terreos na súa maior parte sen cultivar.

Non se constata a existencia de infraestrutura nin rede ningunha de abastecemento de auga, saneamento, subministración de enerxía eléctrica ou telecomunicacións no interior do ámbito.

3.04. Estrutura da propiedade do solo

A superficie total do ámbito medida sobre plano de cartografía da Xunta de Galicia a escala 1:5000 realizada con base nun voo fotogramétrico de 1994 é de 345.677 m².

4. Memoria descriptiva e xustificativa da ordenación

4.01. Adecuación ás determinacións do planeamento de rango superior

O Concello de San Cristovo de Cea non conta con planeamento de ningún tipo, polo tanto é de aplicación a “Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 31/12/2002), coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, (DOG 31/12/2004), pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG 16/05/2007); pola Lei 3/2008, de maio, de orde-

nación da minería de Galicia (DOG 6/06/2008); e pola Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo (DOG 30/06/2008)”.

Este Plan especial redáctase con base na disposición adicional primeira da LOUGA, cumprindo as súas determinacións:

1. O Concello de San Cristovo de Cea ten unha poboación inferior a 5.000 habitantes, non conta con planeamento xeral e a formulación deste Plan especial ten por obxecto crear solo urbanizado industrial nun ámbito sen ningún valor de protección para dota-lo termo municipal de parcelas industriais.

2. O contido deste documento é o propio dos plans especiais de ordenación e aplícanse os estándares establecidos no artigo 47 “calidade de vida e cohesión social”, así como os “límites de sostibilidade” do artigo 46 da LOUGA.

3. Tamén se inclúe entre a documentación o estudo do medio rural circunscrito.

4.02. Descrición da ordenación

Os criterios e obxectivos deste Plan especial para a creación de solo urbanizado industrial no concello de San Cristovo de Cea son os seguintes:

- Creación dunha nova área industrial de escala adecuada á zona onde se sitúa que dea servizo á demanda de uso industrial na zona.

- Xeración de parcelas industriais de diversos tamaños que se adecúen a necesidades diferentes.

- Resolución do acceso dende a Nacional 525.

- Localización da parcela dotacional nun punto de interese e non de forma residual.

- Xeración de zonas verdes que diminúan o impacto visual dun asentamento industrial no contorno.

En resposta ós obxectivos anteriormente expostos, propónse unha ordenación caracterizada polos seguintes aspectos:

Estrutura viaria:

- Defínense dúas vías estruturantes con sentidos diferenciados que dea acceso ás distintas parcelas de uso industrial.

- O resto do viario, aínda sendo de inferior categoría, ten capacidade suficiente para a demanda das parcelas que dan acceso.

- Sitúanse prazas de aparcamento no viario para dar solución ás prazas requiridas pola LOUGA.

- Como acceso dende a Nacional 525 defínese un acceso con carrís de acceso e de saída, segundo a “Lei 25/88, do 29 de xullo, de estradas...”, “Regulamento xeral de estradas”, coas súas respectivas modificacións, “Orde de 16 de decembro de 1997, pola que se regulan os accesos ás estradas do Estado, as vías de servizo e ...” e as súas modificacións parciais, e demais normativa de aplicación para o efecto.

- Respéctanse as conexións cos camiños existentes na actualidade.

Tipoloxía de parcelas

Diferéncianse parcelas de diferentes tamaños para dar cabida ás seguintes demandas:

- Parcelas para grandes plantas industriais.

- Parcelas para plantas industriais.

- Unha grande parcela para un uso específico de grande demanda expositiva.

Localización dos equipamentos

- Resérvase unha boa situación para as parcelas dotacionais, preto do acceso e vías de comunicación estruturantes.

Servizos técnicos de carácter público

- Resérvanse pequenas parcelas para a localización de equipos de infraestruturas (telecomunicacións, centros de transformación, centros de mando de iluminación, infraestruturas hídricas, infraestruturas de saneamento,...).



Zonas verdes

A localización das zonas verdes obedece ós seguintes criterios:

- Minora-lo impacto visual dun parque empresarial no contorno.
- Reservar parcelas moi superiores ás mínimas fixadas polos estándares, situadas nas mellores zona do ámbito, próxima ós núcleos e ó río Maraño coa idea de que as gocen a totalidade dos habitantes do núcleo e que non adoezan de ningunha maneira de ser espazos de carácter residual.

- Potencia-la ribeira do río Maraño, utilizando a súa franxa de protección para separalo das parcelas de carácter industrial e potenciar unha futura ruta que conecte cos muíños existentes fóra do ámbito do Plan.

O acondicionamento dos espazos libres e zonas verdes localizadas na marxe oeste do ámbito non poderán supo-la perda dos valores naturais preexistentes.

Formularanse solucións que garantan a conservación dos muíños que existan no ámbito, así como elementos susceptibles de catalogación durante a execución do plan, para os cales se comunicará ó órgano competente na materia a súa situación, paralizándose as tarefas que se estean a desenvolver no seu contorno ata o seu consentimento.

Nos proxectos que desenvolvan o plan integraranse as "pautas e propostas de actuación sostibles", derivadas do estudo ambiental.

O proxecto de urbanización deberá reservar unha partida orzamentaria para a aplicación das medidas correctoras desenhadas no ISA.

4.03. Zonificación e usos pormenorizados

Cada un dos elementos expostos na ordenación estrutúrase zonalmente establecendo as condicións de uso pormenorizado e a asignación dunha normativa particular.

As zonas características establecidas son:

- Solo industrial (IN-1)
- Solo industrial (IN-2)
- Solo industrial (IN-3)
- Sistema de espazos libres públicos (EL)
- Sistema de equipamentos públicos (EQ)
- Servizos técnicos de carácter público (ST)

Nos planos de zonificación e de plan de etapas diferéncianse os distintos usos e as fases de execución e desenvolvemento do ámbito.

O réxime de edificación e uso aplicable en cada caso queda definido nos documentos de ordenanzas reguladoras e nos planos.

4.03.01. Cumprimento do artigo 46 "límites de sostibilidade"

En cumprimento da disposición adicional primeira establécense as limitacións de intensidade esixidas para o solo urbanizable non-delimitado.

O artigo 46 establece no seu apartado 5 o seguinte:

«En solo urbano non consolidado e solo urbanizable de uso industrial, non se permitirá unha ocupación do terreo polas construcións superior ás dúas terceiras partes da superficie do ámbito.»

A superficie total do ámbito é de 345.677 m².

A superficie considerada para computo de ocupación (sen computa-la zona de afección da estrada e a zona de policía do río) é de 286.681,09 m².

O límite da superficie ocupable total quedaría establecido en: 286.681,09 m² x 2/3 = 191.120,73 m².

Aplicando as condicións da ocupación sobre as parcelas netas de uso industrial, a ocupación do plan é de 156.823,38 m², moi inferior ó límite establecido na LOUGA.

4.03.02. Cumprimento dos estándares fixados no artigo 47 "calidade de vida e cohesión social"

A LOUGA establece que se realizarán as seguintes reservas mínimas de solo para as seguintes dotacións urbanísticas:

a) Sistema de espazos libres públicos.

a) Sistema de espazos libres públicos destinados a parques, xardíns, áreas de ocio, expansión e recreo da poboación:

- En ámbitos de uso residencial ou hoteleiro: 18 metros cadrados de solo por cada 100 metros cadrados edificables e como mínimo o 10% da superficie total do ámbito.

- En ámbitos de uso terciario ou industrial: o 10% da superficie total do ámbito.

Dado que a superficie ordenada é de 345.677 m², e aplicando o mínimo do 10%, serían 34.567,70 m². Neste Plan especial cualifícanse para este sistema 59.988,70 m², moi superior ó mínimo esixido.

b) Sistema de equipamentos públicos.

b) Sistema de equipamentos públicos destinados á prestación de servizos sanitarios, asistenciais, educativos, culturais, deportivos e outros que sexan necesarios:

- En ámbitos de uso residencial ou hoteleiro: 10 metros cadrados de solo por cada 100 metros cadrados edificables.

- En ámbitos de uso terciario ou industrial: o 2% da superficie do ámbito.

Dado que a superficie ordenada é de 345.677 m², e aplicando o mínimo do 2%, serían 6.913,54 m². Neste Plan especial cualifícanse para este sistema 23.755,87 m², superior ó mínimo esixido.

c) Prazas de aparcamento de vehículos:

c) Prazas de aparcadoiros de vehículos:

- En ámbitos de uso residencial e hoteleiro: 2 prazas de aparcadoiro por cada 100 metros cadrados edificables, das que, como mínimo, a cuarta parte debe ser de dominio público.

- En ámbitos de uso terciario: 2 prazas de aparcadoiro por cada 100 metros cadrados edificables, das que, como mínimo, a quinta parte debe ser de dominio público.

- En ámbitos de uso industrial: 1 praza de aparcadoiro por cada 100 metros cadrados edificables, das que, como mínimo, a cuarta parte será de dominio público.»

Dado que hai 288.064,17 m² edificables, corresponderíanlle 289 prazas, pero no viario e nas praias de aparcamento localízase un número moi superior ó mínimo esixido.

4.04. Cadro de zonificación e usos pormenorizados

CUADRO GENERAL DE SUPERFICIES

SUPERFICIE AFECCIÓN CARRETERA N-525 A SU PASO POR LA ACTUACIÓN	16.316,05 m ²
SUPERFICIE ZONA DE POLICÍA DEL RÍO SILVABOIA	42.679,86 m ²
SUPERFICIE CONSIDERADA PARA CÓMPUTO DE OCUPACIÓN	286.681,09 m ²
SUPERFICIE TOTAL DE LA ACTUACIÓN	345.677,00 m ²

CUADRO DE SUPERFICIES SEGÚN USOS

		PROPUESTA		LO.U.G.A.
ESP. LIBRES	SISTEMA ESPACIOS LIBRES PÚBLICOS COMPUTABLES	EL-1 COMP.	35.466,01 m ²	34.567,70 m ²
	SISTEMA ESPACIOS LIBRES PÚBLICOS NO COMPUTABLES	EL-2	13.929,71 m ²	NO FUJADA
	SISTEMA ESPACIOS LIBRES PÚBLICOS NO COMPUTABLES S.R.P.I.	EL-3	12.315,16 m ²	NO FUJADA
SUELOS	SISTEMA EQUIPAMIENTOS PÚBLICOS	EQ-1	4.313,35 m ²	23.398,79 m ² 6.913,54 m ²
		EQ-2	1.109,45 m ²	
		EQ-3	17.975,99 m ²	
	SUELO INDUSTRIAL	IN-1	160.151,23 m ²	230.451,33 m ² NO FUJADA
		IN-2	21.425,08 m ²	
		IN-3	48.875,02 m ²	
SERVICIOS TÉCNICOS DE CARÁCTER PÚBLICO	ST	1.085,32 m ²	NO FUJADA	
SISTEMA LOCAL VIARIO	V-1	29.030,68 m ²		
SUPERFICIE TOTAL DE LA ACTUACION			345.677 m ²	345.677 m ²
PLAZAS DE APARCAMIENTO DE VEHÍCULOS			390	289



4.05. Aliñacións e rasantes

As aliñacións e rasantes quedan fixadas nos correspondentes planos por medio de perfís lonxitudinais e seccións transversais das vías de acceso.

5. Trazado e características das infraestruturas básicas

5.01. Rede viaria

A pavimentación das vías públicas realizarase sobre unha base compactada, unha capa de firme e unha capa de rodadura de aglomerado asfáltico en quente ou ben outra solución equivalente xustificada como tal no proxecto de urbanización.

Tódalas parcelas presentarán posibilidade de acceso rodado, polo menos nun dos lados. O dito acceso executarase de acordo co indicado no correspondente proxecto de urbanización, no que se xustificarán as cargas de servizo da rede viaria.

Nas zonas de aparcamento de vehículos, o firme será igual que nas zonas de circulación.

O ancho das vías e das bandas de aparcamento será o especificado nos planos de seccións transversais de viario.

As vías de circulación terán pendente ós lados, para posibilita-la escorrentía das augas de chuvia.

Tódolos itinerarios peonís levarán vaos ou rebaixas nos bordos que permitan a circulación sen trabas a persoas con mobilidade reducida. Tamén se prevén cruces peonís, como se reflicte nos planos.

5.02. Rede de abastecemento de auga

Para o dimensionado da rede de abastecemento de auga de alimentación ó ámbito que nos ocupa, considerarase unha dotación en función das necesidades do ámbito para desenvolver, dependendo o seu cálculo do estimado no proxecto de urbanización.

O trazado efectúase tendo en conta o trazado do viario, a pendente do terreo, a demanda e o punto de conexión coa rede existente, partindo dun depósito regulador para efectuar, sendo preferible a súa colocación na parte máis elevada do ámbito, na zona denominada ST dese punto, ó cal se conectará en tubaxe de polietileno. Óptase por unha rede lineal.

A rede de abastecemento de auga axustarase no posible ó esquema establecido nos planos, podendo modificarse no proxecto de urbanización.

Deberanse ter en conta as condicións de separación con outras instalacións, así como tódalas condicións establecidas pola empresa subministradora ou, no seu defecto, pola normativa vixente para o efecto. Deberase asegurar unha presión en torno ós 3,5 kg/cm², podendo ser modificada co conseqüente cálculo no proxecto de urbanización. Está previsto situar bocas de rega nas vías.

5.03. Rede de saneamento. Rede de sumidoiros e drenaxe de augas pluviais.

O trazado esquemático destas redes aparece reflectido nos planos de ordenación. Proponse un sistema separativo para evita-la sobrecarga da EDAR que se pretende instalar na parcela ST que atopamos na cota máis baixa do conxunto, á que irán parar por gravidade unicamente as augas residuais.

Debido á configuración topográfica da urbanización e co obxectivo de que toda a recollida de residuais e pluviais discorra por gravidade ata a súa conexión cos sistemas xerais, estímase o seguinte:

A EDAR deberá garantir unha óptima calidade do afluente de acordo cos parámetros contidos na normativa vixente.

Os efluentes evacuados á rede xeral deberán, en caso de ser necesario, ser sometidos a un pretratamento no interior da par-

cela, ata obte-los valores óptimos indicados para verter directamente á rede, cando sexa necesario.

Tanto no caso de pluviais como de fecais os pozos de rexistro serán independentes, estancos, realizándose con formigón de forma que quede asegurada a estanquidade do pozo e das xuntas, característica que poderá ser modificada no proxecto de urbanización coa xustificación necesaria para garanti-la melloira desta.

Nos pozos de rexistro colocaranse tapas de fundición dúctil articuladas para unha carga de rotura de 40 tn, sendo o cerre da tapa con dispositivo de aferollado.

A rede de saneamento de auga axustarase no posible ó esquema establecido nos planos, podendo modificarse no proxecto de urbanización.

Deberanse ter en conta as condicións de separación con outras instalacións, así como tódalas condicións establecidas pola normativa vixente para o efecto.

Por medio do redeseño e do cálculo no proxecto de urbanización situaranse os correspondentes sumidoiros, pozos de rexistro, acometidas, etc...

5.04. Rede de enerxía eléctrica

No que á rede de enerxía eléctrica se refire consideraremos dous apartados distintos, a rede de media tensión, que se distribuirá ás parcelas e ós centros de transformación, e a rede de baixa tensión, correspondente á distribución entre parcelas, que levará a enerxía eléctrica ata os abonados.

A actuación resolverase mediante a instalación do número de centros de transformación estimados necesarios de acordo cos cálculos para realizar no proxecto de urbanización, que se situarán nas parcelas destinadas a servizos técnicos (ST).

Nos centros de transformación instalaranse cadros de baixa tensión, debidamente calibrados en función da liña a protexer, xa que desde este partirán as liñas de baixa tensión que alimentarán ós usuarios finais.

Desde o condutor principal derivará ata as diferentes parcelas mediante acometidas individuais, denominadas "caixa xeral de protección e medida". Estas instalaranse sempre nun nicho na parede na parte frontal da parcela. Os dispositivos de lectura dos equipos de medida deberán estar situados a unha altura comprendida entre 0,70 e 1,80 m.

A caixa de protección e medida que se utilizará corresponderá a un dos tipos recollidos nas especificacións técnicas da empresa subministradora que foran aprobadas pola administración pública competente, en función do número e natureza da subministración.

A localización da caixa de protección e medida permitirá:

- fácil lectura do equipo de medida,
- acceso permanente ós fusibles xerais de protección,
- garantías de seguridade e mantemento.

Serán de aplicación as normas da compañía subministradora e os regulamentos e instrucións electrotécnicas que sexan de aplicación.

Toda a rede de distribución de enerxía eléctrica realizarase de maneira subterránea, tendida baixo espazos públicos, segundo esquemas contidos na documentación gráfica.

Nos cruzamentos de calzadas, os cables protexeranse debidamente baixo tubos recubertos de formigón.

Realizarase a distribución baixo tubo que permita o paso dos cables con folgura, e a súa eventual substitución por outros de maior sección.



5.05. Rede de iluminación pública

A rede de enerxía eléctrica de iluminación pública deseñárase de acordo coas disposicións do Regulamento electrotécnico de baixa tensión e das MI.BT. que lle sexan de aplicación.

Proxectárase empregando luminarias montadas directamente sobre columnas troncocónicas de aceiro galvanizado de 9/10 m de altura en color a elixir pola dirección facultativa e acorde coas especificacións municipais.

A implantación das luminarias poderá modificarse no proxecto de urbanización de acordo cos parámetros establecidos e cos cálculos contidos nel.

Nos finais da liña levarase os condutores como previsión de futuras ampliacións.

O factor de potencia da instalación deberá ser tal que nos consumos de enerxía eléctrica non se produzan recargas por este concepto.

As gabias estarán dotadas de arquetas nos puntos que a continuación se relacionan, como mínimo:

- a pé de cadro de mando e protección,
- en cada punto de luz,
- en cada cambio de dirección,
- en cada extremo dun cruzamento de calzada.

Tódolos tubos de conducción de iluminación serán duplicados, un para a instalación e outro de reserva.

As arquetas disporanse unha por báculo ou por cada 30 m de cable. Os cables serán resistentes á acción de roedores e da corrosión.

A iluminación nas vías de circulación rodada garantirá unha iluminación media de 20 lux como mínimo e nas zonas de xardíns e espazos libres de 10 lux.

5.06. Rede de telecomunicacións

A rede de distribución realizarase de forma subterránea, baixo beirarrúas e por terreos de dominio público.

Todo o seu trazado realizarase segundo o disposto polas compañías subministradoras e a normativa de aplicación para o efecto.

Cada parcela estará dotada das acometidas pertinentes.

Disporanse arquetas que permitan a fácil substitución dos cables.

Tódalas prescricións que se teñen realizado sobre o xeito da execución das obras de urbanización poderán ser modificadas polos correspondentes proxectos de urbanización de forma xustificada, pero sen que se produza diminución nos niveis de servizo previstos.

San Cristovo de Cea, 12 de agosto de 2010.

Anexos á memoria

Anexo 1: estrutura da propiedade. Relación de propietarios catastrais



NÚMERO PLANO	TITULAR	DNI	SUPERFICIE (ha)	REF. CATASTRAL	LOCALIZACIÓN		Val. cat. ()
					Políg.	Parc.	
1	Calviño Vázquez, Antonio	32589712 T	0,0589	32077A006000370000AB	6	37	34,68
2	Meiriño Vázquez, Juan	34465539 Q	0,0325	32077A006000380000AY	6	38	19,10
3	DESCONOCIDO		0,0324	32077A006013880000AH	6	1388	10,60
4	Díaz Rodríguez, Agustín	33025595 X	0,1065	32077A006000390000AG	6	39	66,64
	Díaz Rodríguez, Josefa	34435787 A					
5	Gómez Fernández, Camilo Manuel	34465475 K	0,1659	32077A006000400000AB	6	40	103,83
6	DESCONOCIDO		0,1733	32077A006000450000AL	6	45	102,21
7	DESCONOCIDO		0,2098	32077A006000460000AT	6	46	123,76
8	DESCONOCIDO		0,1926	32077A006000470000AF	6	47	113,62
9	Peña Vázquez, Teresa	76691458 M	0,6337	32077A006000480000AM	6	48	397,02
10	Pérez Peña, Francisco	34463612 K	0,3844	32077A006000490000AO	6	49	134,78
11	García Fernández, Agustina		0,2495	32077A006000500000AF	6	50	82,41
12	Meiriño Rodríguez, Avelino	34465121 N	1,1480	32077A006000510000AM	6	51	787,79
13	Fernández Fernández, Josefa María del Carmen	34465016 E	0,5536	32077A006000520000AO	6	52	346,80
	Calviño Álvarez, Ricardo	76678061 V	0,2911	32077A006000530000AK	6	53	182,29
14	Calviño Álvarez, Visitación	34540315 L					
15	Calviño González, Antonio		0,2137	32077A006000540000AR	6	54	126,11
16	Iglesias Barrosa, Gumersindo		0,3817	32077A006000550000AD	6	55	126,12
17	Fernández Fernández, Generosa	34937215 P	0,2490	32077A006000560000AX	6	56	87,29
18	Gómez Fernández, Ricardo		0,2277	32077A006000570000AI	6	57	75,17
19	Marta Fernández, Elena	34956653 B	0,2276	32077A006000580000AJ	6	58	79,73
20	Vázquez Fernández, Etelvino	34465297 G	0,1990	32077A006000590000AE	6	59	69,70
	Vázquez Fuentes, Agridina	34607754 E	0,1945	32077A006000600000AI	6	60	68,12
21	Vázquez Fuentes, Antonio Fagustino	34540324 M					
22	Fernández Fernández, Generosa	34937215 P	0,1062	32077A006000610000AJ	6	61	37,15
23	Fernández Fernández, Generosa	34937215 P	0,2974	32077A006000620000AE	6	62	182,10
24	COMUNAL VECINOS DE CEA		3,1229	32077A006002730000AF	6	273	
25	Pérez Álvarez, Pilar	34465553 F	0,4294	32077A006002740000AE	6	274	268,97
26	Álvarez Cabo, Manuela	34465419 B	0,0715	32077A006002750000AO	6	275	44,65
27	Gómez Cabo, José Carlos	76698276 S	0,2282	32077A006002760000AK	6	276	142,85

28	González Rodríguez, Leandro	34556840 F	0,1877	32077A006002400000AT	6	240	65,74
29	Meiriño Vázquez, Juan	34465539 Q	0,2000	32077A006002410000AF	6	241	70,07
30	Gómez Fernández, José	34465370 P	0,4086	32077A006002420000AM	6	242	143,25
31	Meiriño Rodríguez, Avelino	34465121 N	0,1870	32077A006002430000AO	6	243	65,50
32	García Fernández, Guillermo	00002961 V	0,2050	32077A006002440000AK	6	244	71,83
33	García Rodríguez, María Carmen	34465371 D	0,2601	32077A006002450000AR	6	245	91,15
34	Crespo Fernández, José Antonio	34608902 C	0,2220	32077A006002460000AD	6	246	77,78
35	Gómez Fernández, José	34465370 P	0,0910	32077A006002470000AX	6	247	31,80
36	Lorenzo Fernández, Consuelo	34486428 K	0,1114	32077A006002480000AI	6	248	38,99
37	Rodríguez Fernández, Palmira		0,0534	32077A006002490000AJ	6	249	17,56
38	Gómez Fernández, Agustina	34592521 S	0,0566	32077A006002500000AX	6	250	19,73
39	Crespo Fernández, José Antonio	34608902 C	0,1813	32077A006002510000AI	6	251	63,52
40	Barrosa Lorenzo, Dolores	76691439 D	0,1402	32077A006002520000AJ	6	252	49,08
41	González Pérez, Ramón (Caparelo)	34573589 N	0,1020	32077A006002530000AE	6	253	35,64
42	Rodríguez Rodríguez, Emilia	34464813 A	0,1241	32077A006002540000AS	6	254	43,45
43	González García, José	34464560 A	0,0614	32077A006002550000AZ	6	255	21,47
44	González García, Concepción	34464726 P	0,0443	32077A006002560000AU	6	256	15,41
45	González García, Julia	34465166 B	0,0408	32077A006002570000AH	6	257	14,19
46	DESCONOCIDO		0,1213	32077A006002580000AW	6	258	40,01
47	Álvarez Cabo, Manuela	34465419 B	0,0453	32077A006002590000AA	6	259	15,75
48	Barrosa Lorenzo, Dolores	76691439 D	0,0445	32077A006002600000AH	6	260	15,51
49	Álvarez Cabo, Manuela	34465419 B	0,1711	32077A006002610000AW	6	261	59,90
50	Rodríguez García, José y María Luz Pilar		0,2675	32077A006002620000AA	6	262	88,36
51	Pérez Portuga, I Genoveva	34465587 H	0,2660	32077A006002630000AB	6	263	87,87
52	Meiriño Pérez, Eulogio	34998878 P	0,2541	32077A006002640000AY	6	264	83,95
53	Meiriño Vázquez, Adolfo	34464491 A	0,2769	32077A006002650000AG	6	265	97,05



54	Fernández Rodríguez, Teresa	34464620 V	0,3262	32077A006002660000AQ	6	266	114,35
55	De Castro López Villarino, Fernando y Hna.		0,2124	32077A006002670000AP	6	267	70,13
56	De Castro López Villarino, Fernando		0,2439	32077A006002680000AL	6	268	80,56
57	Sevillano Entremera, Jesús y Hnos.	34929953 Z	0,4645	32077A006002690000AT	6	269	153,49
58	Sevillano García, Jesús		0,6019	32077A006002700000AP	6	270	198,95
59	COMUNAL VECINOS DE CEA		0,1257	32077A006002710000AL	6	271	2,89
60	COMUNAL VECINOS DE CEA		2,1985	32077A006001790000AK	6	179	726,94
61	Gil Fernández, Natividad		0,2030	32077A006002140000AD	6	214	67,03
62	Figueiredo Bernárdez, Ermitas	34591318 P	0,2061	32077A006002150000AD	6	215	30,86
63	Pérez Álvarez, Pilar	34465553 F	0,1060	32077A006002190000AS	6	219	37,07
64	Álvarez Fernández, Peregrina		0,3910	32077A006002200000AJ	6	220	129,21
65	Fernández Rodríguez, Teresa	34464620 V	0,2912	32077A006002210000AE	6	221	102,07
66	Fernández Rodríguez, Teresa	34464620 V	0,1602	32077A006002220000AS	6	222	56,08
67	González Vázquez, Dolores Felisa	34906555 F	0,1320	32077A006002230000AZ	6	223	46,19
68	DESCONOCIDO		0,2120	32077A006002240000AU	6	224	69,99
69	Lorenzo Fernández, Consuelo	34486428 K	0,0981	32077A006002250000AH	6	225	14,65
70	Figueiredo Bernárdez, Josefa y Hnos.		0,0900	32077A006002260000AW	6	226	2,01
71	Rodríguez García, José		0,1826	32077A006002270000AA	6	227	4,24
	Rodríguez García, María Luz Pilar						
72	Vázquez Fernández, Etelvino	34465297 G	0,2149	32077A006002280000AB	6	228	285,39
73	González García, Juan Bautista	34599836 Q	0,0606	32077A006002290000AY	6	229	1,40
74	Fernández Fernández, Generosa	34937215 P	0,1032	32077A006002300000AA	6	230	136,97
75	Fernández Fernández, Generosa	34937215 P	0,0772	32077A006002310000AB	6	231	102,40
76	Figueiredo Bernárdez, Ermitas	34591318 P	0,5478	32077A006002320000AB	6	232	192,13
77	González Fernández, Josefa María del Carmen	34600382 X	0,0972	32077A006002330000AB	6	233	33,99
78	Lorenzo Fernández, Consuelo	34486428 K	0,0667	32077A006002340000AQ	6	234	23,26

79	González Fernández, Josefa María del Carmen	34600382 X	0,1438	32077A006002350000AP	6	235	50,32
80	Meiriño Alvarez, Arturo	34465108 E	0,0988	32077A006002360000AL	6	236	34,57
	Meiriño Alvarez, Eulogio	34944421 S					
	Meiriño Alvarez, María	76678031 X					
	Meiriño Alvarez, Telmo	34543606 K					
81	González Rodríguez, Manuel (Bouteiro)	34605860 Z	0,1615	32077A006002370000AT	6	237	56,56
82	González Fernández, Josefa María del Carmen	34600382 X	0,2436	32077A006002380000AF	6	238	85,34
83	González Vázquez, Dolores Felisa	34906555 F	0,3670	32077A006002390000AM	6	239	128,67
84	COMUNAL VECINOS DE CEA		7,5436	32077A006000630000AS	6	63	
85	COMUNAL VECINOS DE CEA (Parte de parcela)		2,1142 (1,1978)	32077A006008110000AP	6	811	
86	Vázquez Fernández, Etelvino	34465297 G	0,4465	32077A006002770000AR	6	277	279,7
87	Fernández Gil, Natividad		0,2371	32077A006002780000AD	6	278	
88	Fernández Díaz, José	34465179 R	0,3991	32077A006002790000AX	6	279	250
89	Fernández Gil, Natividad		0,1543	32077A006002800000AR	6	280	
90	Álvarez Fernández, Peregrina		0,0612	32077A006002820000AX	6	282	
91	Vázquez García, Agustina Josefina	76677825B	0,1048	32077A006002810000AD	6	281	65,54
92	COMUNAL VECINOS DE CEA		0,0864	32077A006002720000AT	6	272	
93	García Rodríguez, Telmo [Herederos de]	34529405B	0,5340	32077A006008270000AS	6	827	80,18
94	García Rodríguez, Telmo [Herederos de]	34529405B	0,1248	32077A006002180000AE	6	218	43,66
95	CAMINOS (Parte de parcelas) Ayuntamiento San Cristovo de Cea		(0,9459)	32077A006090260000AH	6	9026	
				32077A006090020000AG	6	9002	
				32077A006090140000AR	6	9014	
TOTAL			34,5677				



Anexo 2: certificacións catastrais telemáticas de tódalas parcelas

Documento II: ordenanzas reguladoras

Índice ordenanzas reguladoras

Título 1. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito territorial

Artigo 3. Vixencia

Artigo 4. Desenvolvemento

Título 2. Réxime dos usos

Artigo 5. Competencias

Artigo 6. Cualificación do solo, usos pormenorizados

Artigo 7. Estudos de detalle

Artigo 8. Parcelacións

Artigo 9. Proxectos de urbanización

Artigo 10. Sistema de actuación

Artigo 11. Plan de etapas

Título 3. Normas de ordenación

Capítulo 1. Normas xerais da urbanización

Artigo 12. Xeneralidades

Artigo 13. Proxectos de urbanización

Artigo 14. Rede viaria

Artigo 15. Proposta de ordenación de tráfico

Artigo 16. Rede de saneamento

Artigo 17. Rede de abastecemento de auga

Artigo 18. Rede de iluminación pública

Artigo 19. Rede de enerxía eléctrica

Artigo 20. Rede de telecomunicacións

Artigo 21. Aparcamentos de superficie

Artigo 22. Condicións técnicas das obras en relación coas vías e servizos públicos

Capítulo 2. Normas de edificación

Artigo 23. Condicións xerais

Artigo 24. Condicións de seguridade e habitabilidade

Artigo 25. Condicións de accesibilidade

Artigo 26. Instalacións do edificio

Artigo 27. Caixas de correo de correos

Artigo 28. Números de policía

Capítulo 3. Normas xerais de volume

Artigo 29. Condicións xerais

Artigo 30. Aliñacións

Artigo 31. Rasantes

Artigo 32. Parcelas

Artigo 33. Recuamentos da edificación

Artigo 34. Edificabilidade

Artigo 35. Superficie ocupada pola edificación (ocupación en planta)

Artigo 36. Usos do solo

Artigo 37. Tipoloxías edificatorias previstas, definición

Artigo 38. Plantas dun edificio

Artigo 39. Sotos

Artigo 40. Altura reguladora máxima

Artigo 41. Plantas

Artigo 42. Criterios para a medición de alturas

Artigo 43. Peches de parcela

Artigo 44. Fachada e liña de fachada

Artigo 45. Medianeira

Artigo 46. Corpos voados

Artigo 47. Cubertas

Capítulo 4. Normas xerais de uso

Artigo 48. Usos considerados no plan parcial

Artigo 49. Disposicións xerais

Sección primeira. Uso industrial e de almacéns

Artigo 50. Definición

Artigo 51. Categorías

Artigo 52. Avaliación da incidencia ambiental

Artigo 53. Disposicións de carácter xeral para o funcionamento das actividades industriais

Sección segunda. Uso administrativo e de oficinas

Artigo 54. Definición

Artigo 55. Categorías

Artigo 56. Condicións particulares

Sección terceira. Uso garaxe aparcamento e servizos do automóbil

Artigo 57. Definición

Artigo 58. Clasificación

Artigo 59. Condicións de carácter xeral

Artigo 60. Establecementos anexos ós garaxes-aparcamentos

Artigo 61. Condicións particulares dos garaxes-aparcamentos de categoría 1ª e 2ª

Artigo 62. Condicións particulares dos garaxes-aparcamentos en parcela interior e espazos libres privados

Artigo 63. Talleres do automóbil: (categoría 3ª)

Sección cuarta. Uso estación de servizo e instalacións para a subministración de carburantes e/ou combustibles líquidos a vehículos

Artigo 64. Estacións de servizo

Artigo 65. Condicións

Sección quinta. Uso sociocultural

Artigo 66. Definición

Artigo 67. Clases

Artigo 68. Categorías

Artigo 69. Condicións particulares

Sección sexta. Uso asistencial

Artigo 70. Definición

Artigo 71. Categorías

Artigo 72. Condicións particulares

Sección sétima. Uso deportivo

Artigo 73. Definición

Artigo 74. Categorías

Artigo 75. Condicións particulares

Sección oitava. Uso espectáculos públicos e actividades recreativas

Artigo 76. Definición

Artigo 77. Categorías

Artigo 78. Condicións particulares

Capítulo 5.- Zonificación e cualificación do solo

Artigo 79. Cualificación do solo do Plan parcial

Artigo 80. Sistemas e zonas

Capítulo 6.- Normas particulares de cada zona. Ordenanzas zonais

Ordenanza 1ª. Espazos libres

Artigo 81. Ámbito de aplicación

Artigo 82. Condicións de uso

Artigo 83. Tipoloxía edificatoria

Artigo 84. Condicións de parcela

Artigo 85. Condicións de ocupación, volume e edificación

Artigo 86. Condicións ambientais e estéticas

Ordenanza 2ª. Equipamentos comunitarios

Artigo 87. Ámbito de aplicación

Artigo 88. Condicións de uso

Artigo 89. Condicións de tipoloxía

Artigo 90. Condicións de parcela

Artigo 91. Condicións de ocupación

Artigo 92. Condicións de posición

Artigo 93. Condicións de volume e edificación

Ordenanza 3ª. Servizos técnicos de carácter público

Artigo 94. Ámbito de aplicación



- Artigo 95. Condicións de uso
- Artigo 96. Condicións de parcelación
- Artigo 97. Condicións de volume e edificación
- Ordenanza 4ª. Industrial "IN-1"
- Artigo 98. Ámbito de aplicación
- Artigo 99. Condicións de uso
- Artigo 100. Condicións de tipoloxía
- Artigo 101. Condicións de parcelación
- Artigo 102. Condicións de posición, volume e edificación
- Artigo 103. Prazas de aparcamento
- Ordenanza 5ª. Industrial "IN-2"
- Artigo 104. Ámbito de aplicación
- Artigo 105. Condicións de uso
- Artigo 106. Condicións de tipoloxía
- Artigo 107. Condicións de parcelación
- Artigo 108. Condicións de posición, volume e edificación
- Artigo 109. Prazas de aparcamento
- Ordenanza 6ª. Industrial "IN-3"
- Artigo 110. Ámbito de aplicación
- Artigo 111. Condicións de uso
- Artigo 112. Condicións de tipoloxía
- Artigo 113. Condicións de parcelación
- Artigo 114. Condicións de posición, volume e edificación
- Artigo 115. Prazas de aparcamento
- Normas de obrigado cumprimento en tódolos usos
- Artigo 116. Ámbito de aplicación
- Artigo 117. Normas de obrigado cumprimento

Título 1. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Este Plan especial redáctase con base na disposición adicional primeira, apartado 1, da "Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 31/12/2002), coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, (DOG 31/12/2004), pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG 16/05/2007); pola Lei 3/2008, de maio, de ordenación da minería de Galicia (DOG 6/06/2008); e pola Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo (DOG 30/06/2008)" (en adiante LOUGA).

Artigo 2. Ámbito territorial

O ámbito de aplicación é a totalidade do territorio delimitado polo Plan especial, tal e como figura nos planos que compoñen a documentación gráfica deste plan.

Artigo 3. Vixencia

Este plan ten vixencia indefinida, sen prexuízo das posibles modificacións ou revisións que puideran derivarse do seu desenvolvemento.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionadas ó cumprimento disposto no artigo 92 da LOUGA, e o que dispoña para tal efecto a lexislación reguladora do réxime local.

Artigo 4. Desenvolvemento

Cando se trate de executa-la ordenación contida neste plan farase mediante proxectos de urbanización para as vías e zonas verdes e espazos libres; e mediante proxectos de edificación para as construcións.

Cando se pretenda modificar e/ou axustar aliñacións ou rasantes, será preceptiva a aprobación do correspondente estudo de detalle. Estes non poderán modificar elementos de ordenación xeral, tales como a rede viaria, a localización de equipamentos e dotacións, a configuración dos espazos libres, a tipoloxía e condicións de lugares, edificación e uso, nin as densidades proxectadas en edificabilidade.

Título 2. Réxime dos usos

Artigo 5. Competencias

Este plan redáctase por iniciativa municipal en virtude da aplicación da disposición adicional primeira, apartado 1, da "Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 31/12/2002), coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, (DOG 31/12/2004), pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG 16/05/2007); pola Lei 3/2008, de maio, de ordenación da minería de Galicia (DOG 6/06/2008); e pola Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo (DOG 30/06/2008)" (en adiante LOUGA).

A aprobación inicial correspóndelle ó concello. A aprobación definitiva tamén lle corresponde ó concello previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refira ó control da legalidade por parte do conselleiro competente en materia de urbanismo.

Artigo 6. Cualificación do solo, usos pormenorizados

Este plan establece a seguinte zonificación:

- Solo industrial (IN-1)
- Solo industrial (IN-2)
- Solo industrial (IN-3)
- Sistema de espazos libres públicos (EL)
- Sistema de equipamentos públicos (EO)
- Servizos técnicos de carácter público (ST)
- Sistema viario (V)

Artigo 7. Estudos de detalle

En desenvolvemento deste plan especial poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

- a) Completar ou reaxusta-las aliñacións e as rasantes.
- b) Ordena-los volumes edificables.
- c) Concreta-las condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento.
Os estudos de detalle en ningún caso poderán:
 - a) Altera-lo destino urbanístico do solo.
 - b) Incrementa-lo aproveitamento urbanístico.
 - c) Reducir ou modifica-las superficies destinadas a vías, espazos libres ou dotacións públicas.
 - d) Preve-la apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen.
 - e) Aumenta-la ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.
 - f) Parcela-lo solo.
 - g) Descoñecer ou infrinxi-las demais limitacións que lles imponha o correspondente plan.
 - h) Establecer novos usos e ordenanzas.

Artigo 8. Parcelacións

Considérase parcelación urbanística, a división de terreos en dous ou máis lotes ou porcións a fin da súa urbanización ou edificación, xa sexa en forma simultánea ou sucesiva. Toda parcelación urbanística deberá acomodarse ó disposto neste plan.

Serán indivisibles:

- a) As parcelas determinadas como mínimas neste plan, a fin de constituiren predios independentes.
- b) As parcelas con dimensións iguais ou menores ás determinadas como mínimas neste plan, agás se os lotes resultantes fosen adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros, co fin de agrupalos e formar un novo predio.
- c) As parcelas con dimensións menores có dobre da superficie determinada como mínima no planeamento, agás que o exceso sobre o devandito mínimo poida segregarse co fin indicado no apartado anterior.



d) As parcelas edificables conforme a unha relación determinada entre superficie do solo e superficie construíble, cando se edifícase a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifícase a correspondente só a unha parte dela, a restante, se fose inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

Artigo 9. Proxectos de urbanización

Os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servizos e as dotacións establecidas no planeamento.

Os proxectos de urbanización non poderán modifica-las previsións deste plan, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras.

Os proxectos de urbanización abranguerán unha memoria descriptiva das características das obras, plano de situación e planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos e orzamento. En todo caso, o contido e documentación mínima que deberán conte-los proxectos de urbanización será o determinado no artigo 110º da LOUGA e no artigo 69 do RPU.

A conservación da urbanización corresponderalle ó concello.

Artigo 10. Sistema de actuación

O sistema de actuación previsto para os terreos que non son de titularidade municipal é o de expropiación.

Artigo 11. Plan de etapas

Para a execución deste plan prevense dúas etapas (fase 1 e fase 2), tal e como se sinalan no plano correspondente.

Título 3. Normas de ordenación

Capítulo 1. Normas xerais da urbanización

Artigo 12. Xeneralidades

A execución das obras de urbanización, infraestruturas e servizos xerais realizarase de acordo coas determinacións que se establecen na normativa sectorial de aplicación.

Artigo 13. Proxectos de urbanización

1. En desenvolvemento do Plan parcial redactaranse os proxectos de urbanización que precisen as súas determinacións, de acordo con estas ordenanzas.

2. Os proxectos deberán estar redactados por técnico competente e visados polo colexio oficial correspondente, e estarán constituídos como mínimo polos seguintes documentos: memoria técnica descriptiva; cálculos; planos de situación, proxecto e detalle; medicións, cadros de prezos e orzamento; estudo de seguridade e saúde (ou, no seu defecto, estudo básico de seguridade e saúde) e pregos de prescricións técnicas. Achegarase un plan de control de obra, con expresión do número de ensaios para realizar por cada un dos materiais para empregar que deban ser analizados/ensaiados, que servirá de base, trala súa aprobación, para a recepción das obras.

3. Prazo de execución das obras e/ou das fases. A execución das obras do proxecto de urbanización poderá subdividirse en fases, cada unha das fases do proxecto deberá ser autónoma, de tal xeito que as parcelas que queden afectadas teñan todos os servizos urbanísticos necesarios para a súa funcionalidade á vez que as conexións exteriores ós sistemas xerais. Esta división por fases deberá ser xustificada e a súa aprobación será potestativa do concello.

4. Poderá procederse á edificación simultaneamente coa urbanización previa aprobación deste Plan especial e proxecto de urbanización correspondentes antes de que os terreos estean totalmente urbanizados sempre que se cumpran os requisitos que se establecen no artigo 41º do RXU.

5. O acondicionamento dos espazos libres e zonas verdes localizadas na marxe oeste do ámbito, coincidentes co sistema flu-

vial do río Silvaboa, non poderá supo-la perda dos valores naturais preexistentes.

6. Formularanse solucións que garantan a conservación do muíño cartografado no interior do ámbito.

7. O proxecto de urbanización deberá reservar unha partida orzamentaria para a aplicación das medidas correctoras desenhadas no ISA.

Artigo 14. Rede viaria.

1. A rede viaria adaptarase ó contemplado nos planos correspondentes deste plan.

2. Os materiais de calzada e bordos que se mencionan neste plan parcial son indicativos e poderán ser modificados xustificadamente no proxecto de urbanización á vista das características definitivas que presente o subsolo e de acordo coas ordenanzas municipais.

3. Preferentemente utilizaranse pavimentos de materiais asfálticos, para tráfico rodado e aparcamentos e baldosa hidráulica ou similar para beirarrúas.

Artigo 15. Proposta de ordenación de tráfico.

En función de criterios de capacidade das vías, así como do tráfico existente lindante, incluírase no proxecto de urbanización unha proposta de regulación do tráfico que deberá incorporar-la sinalización vertical e horizontal.

Artigo 16. Rede de saneamento.

1. Esta rede realizarase conforme ás seguintes condicións de deseño:

1.1. O saneamento proxectarase mediante sistema separativo, que recollerá nunha rede as augas pluviais e noutra a de rede de sumidoiros.

1.2. Tódalas vías xerais de tránsito rodado serán dotadas, no momento da súa construción, dos sumidoiros ou colectores correspondentes. Os sumidoiros colocaranse cada 50 m como máximo e cunha superficie máxima de afección de 400 m², debéndose xustifica-la capacidade de absorción das augas pluviais que lles poden verter.

1.3. A velocidade mínima admisible do efluente será de 0,50m/s para evitar sedimento e a velocidade máxima admisible será de 5 m/s para evita-la erosión nas canalizacións.

1.4. Os diámetros mínimos que se empregarán na rede serán de 30 cm de diámetro interior. Para pendentes inferiores a 1/200 o diámetro non será inferior a 40 cm. A velocidade en todo caso estará comprendida entre 0,6 e 5,5 m/s, debendo xustificarse razoadamente as solucións fóra destes límites. A pendente dos colectores, ramais e acometidas axustaranse ós valores seguintes:

Tuberías; Mínimas; Pen. máx.; Pend. óptima

Acometida; 1/100; 1/15; 1/50

0/30 cm; 1/300; 1/15; 1/50-1/150

0/50 cm; 1/500; 1/25; 1/100-1/200

60 ó 100 cm; 1/1000; 1/50; 1/200-1/500

0 ó 100 cm; 1/3000; 1/75; 1/300-1/750

1.5. Disporanse pozos de visita ou rexistro a distancia de 50 m como máximo e nos cambios de dirección. Estes serán estanques, realizándose con formigón de forma que quede asegurada a estanquidade do pozo e das xuntas mediante o revestimento destas cun material impermeable.

1.6. A profundidade das canalizacións será como mínimo de 1 m dende a clave ata a superficie de calzada. En profundidades inferiores que discorran por calzadas ou aparcamentos viarios as canalizacións protexeranse con formigón. Se as canalizacións discorren en proximidade con conducións de auga potable situaranse como mínimo a 50 cm de distancia entre as xeratrices de ámbalas dúas e situándose as redes de sumidoiros en plano inferior.



2. Esta rede realizarase conforme ás seguintes condicións de cálculo:

2.1. Para o cálculo da rede de sumidoiros adoptaranse como caudais de augas negras o medio e máximo previsto para o abastecemento de augas. Para os caudais de augas de chuva poderanse tomar como curvas aproximadas de intensidades máximas de chuva as correspondentes á fórmula: $I = 260 \times n \times 0,42 \times t \times 0,52$, onde "n" é o número de anos de probabilidade de repetición, "t" o tempo en minutos de duración da chuva, e "I" a súa intensidade en metros por segundo e hectárea.

Artigo 17. Rede de abastecemento de auga.

1. Esta rede realizarase conforme ás seguintes condicións de deseño:

1.1. Tódalas conducións serán subterráneas, seguindo no posible o trazado das beirarrúas.

1.2. No proxecto de urbanización contemplaranse os elementos da rede que son necesarios para garanti-la subministración, mesmo se houbese de saír do ámbito espacial estrito, sendo propio deste a determinación das obras e custos adicionais que en instalacións, servidume e elementos accesorios supoña, garantindo a súa conservación no caso de que o concello non os recoñeza e reciba como propios da rede municipal.

1.3. En canto ós materiais, seccións, calidades e pezas especiais ateranse ó disposto nas normas referidas e, en calquera caso, en toda obra nova terase en conta:

- A inclinación mínima da rasante será de 0,4%.
- Nos puntos altos e baixos das conducións colocaranse ventosas e desaugadoiros.
- A profundidade mínima das conducións referida á xeratriz superior será de 80 cm.
- A velocidade da auga nas conducións estará comprendida entre 0,50 e 1,50 m/s.

2. Dotación mínima:

2.1. De acordo co "Plan hidrolóxico norte", o caudal de captación será de 4.000 m³/ha/ano, garantindo o caudal de abastecemento ó polígono.

2.2. Ademais da hipótese de consumos normais, terase en conta as diferentes hipóteses necesarias para que garanta o sistema contra incendios.

Artigo 18. Rede de iluminación pública.

1. A rede de iluminación pública deseñárase de acordo coas disposicións do Regulamento electrotécnico de baixa tensión e das MI.BT. que lle sexan de aplicación e de conformidade coas condicións seguintes:

1.1. As características dos compoñentes de iluminación pública serán as definidas no Regulamento electrónico para baixa tensión e as instrucións complementarias MI.BT, en especial a MI.BT.009.

1.2. O control de calidade dos elementos realizarase mediante a comprobación da homologación destas polo Ministerio de Industria.

1.3. As luminarias das vías que se instalen deberán incorporalos equipos auxiliares de arranque (reactancias, condensador e posibles arrancadores); disporán dun reflector de alto grao de eficacia, o difusor será unicamente de vidro e o compartimento óptico estará hermeticamente pechado.

1.4. En parques e xardíns admitiranse outro tipo de difusores, estando totalmente prohibidos as luminarias que envíen luz directamente cara ó ceo, tipo globo, farois clásicos sen tapa superior ou similares. Os materiais empregados deberán soportar actos que impidan a deterioración nos seus elementos e sen que se desprenda a luminaria, ou parte, dos seus soportes, como norma xeral a altura de montaxe non será inferior a seis (6) metros.

1.5. O tendido de condutores realizarase mediante canalización subterránea por terreos públicos, e non se permitirán as canalizacións subterráneas nin os tendidos aéreos por propiedade privada.

1.6. O tendido non poderá discorrer baixo o pavimento destinado ó tráfico rodado máis que nos imprescindibles puntos de cruzamento de calzada.

1.7. Os equipos de medida deberán situarse na vía pública; se iso non fose posible ou aconsellable situaranse en lugar accesible tanto o persoal da compañía subministradora de enerxía como ó do concello, pero nunca no interior dunha propiedade privada.

1.8. Os centros de mando situaranse preferentemente xunto ós equipos de medida.

Artigo 19. Rede de enerxía eléctrica.

1. A rede de enerxía eléctrica proxectarase de acordo ao Regulamento de baixa tensión, Regulamento de liñas de alta tensión, Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en centrais eléctricas, subestacións e centros de transformación, Regulamento de verificacións eléctricas e real decreto de acometidas e cantas disposicións vixentes na materia lle sexan de aplicación.

2. A dotación mínima segundo usos será a seguinte:

- industrial: 125 W/m²,
- comercial e outros usos: 100 W/m².

Para o cálculo da potencia total demandada teranse en conta os coeficientes de simultaneidade fixados no Regulamento de baixa tensión.

3. A rede eléctrica estruturarase a partir dos centros de transformación de media tensión (E 20 kV), os cales conectaranse á rede da compañía distribuidora e pecharanse en anel como garantía de subministración.

4. Os centros de transformación situaranse nas parcelas destinadas a servizos técnicos.

5. Os tendidos de liñas en media (E 20 kV) ou baixa tensión aéreos, serán obrigatoriamente subterráneos e aqueles que xa existan dentro do ámbito deberán ser transformados en subterráneos.

6. Tanto a rede de media como a de baixa tensión executaranse en instalación enterrada baixo canalización eléctrica de PVC de dobre parede de diámetro 160 mm para os condutores de forza e canalización de PVC de dobre parede de 125 mm de diámetro para os condutores de comunicación. Os tubos discorrerán baixo a beirarrúa.

7. Como norma xeral colocaranse arquetas do tipo normalizado pola compañía distribuidora:

- Cada 100 m.
- Nos cambios de dirección superiores a 90°.
- En tódolos cruzamentos de calzada en ámbolos dous extremos.

Artigo 20. Rede de telecomunicacións

1. Os proxectos de urbanización deberán incluí-la rede de canalizacións que sexa necesaria realizar para dotar dos servizos de telecomunicacións a tódalas parcelas. Este será obrigatoriamente subterráneo, así mesmo suprimiranse tódolos tendidos aéreos existentes e transformaranse en subterráneos.

2. A previsión da infraestrutura de telefonía realizarase dentro do marco legal recollido no artigo 26 da "Lei xeral de telecomunicacións", garantindo a non discriminación entre operadores e o mantemento de condicións de competencia efectiva no sector. É por isto que no seu deseño [que se realizará no proxecto de urbanización] preveranse tódalas necesidades dos diferentes operadores que poidan estar interesados en establecer as súas redes e ofrece-los seus servizos para esta zona.



Indicar que na ocupación do dominio público polas compañías subministradoras, ademais do disposto na "Lei xeral de telecomunicacións", seralles de aplicación o disposto no seu momento por estas ordenanzas, polo titular do dominio público e pola normativa específica ditada polas administracións públicas con competencias en medio ambiente, saúde pública, seguridade pública, defensa nacional, ordenación urbana ou territorial e tributación por ocupación do dominio público.

En relación coas instalacións radioelétricas terase en conta, ademais do establecido con carácter xeral para todo tipo de instalacións polo "Real decreto 863/2008, do 23 de maio", polo que se aproba o "Regulamento de desenvolvemento da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións", no relativo ó uso do dominio público radioelétrico, ás disposicións do "Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro", polo que se aprobou o Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioelétrico, restricións ás emisións radioelétricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioelétricas.

Do mesmo xeito seguirase o procedemento de referencia para o despregamento de infraestruturas de radiocomunicacións ditaminado pola normativa de aplicación.

3. Como norma xeral colocaranse arquetas do tipo normalizado polas compañías distribuidoras que o demanden:

- Cada 100 m.
- Nos cambios de dirección superiores a 90º, agás cando se empreguen pezas especiais, tales como cóbados e curvas.
- En tódolos cruzamentos de calzada en ámbolos dous extremos.

Así mesmo, nas características xerais das redes de comunicacións electrónicas, excepto no que se refire ás infraestruturas nos edificios para o acceso ós servizos de telecomunicacións, atenderase, como referencia, ó disposto nas normas UNE aprobadas por AENOR:

- UNE 133100-1:2002 Infraestruturas para redes de telecomunicacións.

Parte 1: canalizacións subterráneas.

- UNE 133100-2:2002 Infraestruturas para redes de telecomunicacións.

Parte 2: arquetas e cámaras de rexistro.

- UNE 133100-3:2002 Infraestruturas para redes de telecomunicacións.

Parte 3: tramos interurbanos.

- UNE 133100-4:2002 Infraestruturas para redes de telecomunicacións.

Parte 4: liñas aéreas.

- UNE 133100-1:2002 Infraestruturas para redes de telecomunicacións.

Parte 5: Instalacións en fachada.

Do mesmo xeito, no deseño no proxecto de urbanización, terase en conta que as infraestruturas comúns de telecomunicacións, das que deben dotarse os edificios, terán que conectar coas infraestruturas para redes de telecomunicacións que se contemplan neste.

Artigo 21. Aparcamentos de superficie.

Os proxectos de urbanización preverán as prazas de aparcamento para uso de minusválidos, conforme ó disposto no Decreto 35/2000, para o cal deberán especifica-la correspondente sinalización.

Artigo 22. Condicións técnicas das obras en relación coas vías e servizos públicos.

1. Danos ás vías ou servizos municipais: todo propietario que execute unha obra, de calquera natureza, será responsable ante o concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

2. Obras que afecten a servizos públicos: se as obras que se executan afectan servizos de carácter xeral ou público, os propietarios comunicaranos por escrito ás empresas correspondentes ou entidades administrativas, con 8 días de antelación ó seu comezo, no prazo da cal as ditas empresas ou entidades deberán toma-las medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables dende a finalización do prazo anteriormente mencionado.

3. Abasto de entullos e materiais: os entullos e abastos de materiais non poderán amorsearse na vía pública, nin apoiados nos valos ou muros de peche.

4. Estadas e material auxiliar: tódalas estadas auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das precaucións necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, na que se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

5. En toda clase de construción, así como no uso de maquinaria auxiliar desta, gardaranse as precaucións de seguridade no traballo esixidas polas leis vixentes en cada momento sobre a material.

6. Valado de obras.

6.1. En toda obra de nova planta ou derrubamento e nas de reforma ou conservación que afecten ás fachadas, deberá de colocarse un valo de protección de dous metros de altura, como mínimo, de materiais que ofrezan seguridade, situada á distancia máxima de dous metros da aliñación oficial. En todo caso, deberá quedar retirada do bordo, polo menos 0,90 metros, para permiti-lo paso de peóns.

6.2. Cando por circunstancias especiais non se faga aconsellable a aplicación das devanditas normas, o técnico municipal fixará as características do valo podendo ordena-la súa desaparición total no momento en que remate os traballos indispensables en planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores, previa a colocación dunha estada de protección que permita o tránsito pola beirarrúa e ofrezca as debidas seguridades para a circulación na vía pública.

6.3. Cando as obras ou instalacións poidan supoñer, en si mesmas ou na súa montaxe, un perigo para os viandantes, esixírase, durante as horas de traballo, a colocación na rúa dunha corda ou palenque cun operario que advirta o perigo. Cando o tránsito o aconselle, poderá limitarse o traballo a determinadas horas.

6.4. Nas zonas en que sexa obrigatorio o recuamento, o valo colocarse na aliñación oficial. Non será obrigatoria cando estea construído o cerramento definitivo.

6.5. A instalación de valo enténdese sempre con carácter provisional, en tanto dure a obra, por iso dende o momento en que transcorra un mes sen comecaren as obras, ou estean interrompidas, deberá suprimirse o valo e deixar libre a beirarrúa ó tránsito.

6.6. En todo caso, deberase ater ó disposto no artigo 25 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, e á base 1.4.3 do Código de accesibilidade incluído no seu anexo 1.

Capítulo 3.- Normas xerais de edificación.

Artigo 23. Condicións xerais.

En todo edificio, instalación ou actividade de calquera clase asegurase o cumprimento das condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade para persoas con mobilidade reducida que sexan de aplicación en cada momento.

Artigo 24. Condicións de seguridade e habitabilidade.

1. As disposicións sobre seguridade e habitabilidade (excluídas as de funcionalidade) axustaranse ó disposto no Código téc-



nico da edificación (CTE) aprobado en Consello de Ministros do día 17 de marzo de 2006.

2. As disposicións sobre habitabilidade entendida como funcionalidade axustaranse ó determinado na lexislación sectorial correspondente para locais de traballo, pública concorrencia,...

Artigo 25. Condicións de accesibilidade.

Os edificios deberán ser accesibles para persoas con mobilidade reducida. Deben, polo tanto, cumprilas determinacións sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas que se consideran na Lei 8/1997, do 20 de agosto, e Decreto 35/2000 ou disposicións que as substitúan.

Artigo 26. Instalacións do edificio.

1. As instalacións de calefacción, aire acondicionado, auga quente, gas, telecomunicacións depósitos de combustibles, contadores, etc., deberán cumprir coas disposicións vixentes e en ningún caso poderán constituír perigo ou molestia para os veciños.

A normativa específica sobre acceso ós servizos de telecomunicacións no interior dos edificios está constituída polo "Real decreto-lei 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso ós servizos de telecomunicación", modificado polo artigo 5 da "Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo, o seu regulamento", aprobado mediante "Real decreto 401/2003, do 4 de abril, e a Orde CTE/1296/2003, do 14 de maio"; normativa á que remite a "Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación".

2. Toda clase de instalacións, subas de fumes, chemineas, conducións, desaugadoiros, maquinaria, etc., realizaranse de forma que garantan tanto á veciñanza coma aos viandantes a supresión de molestias, olores, vibracións, etc.. En concreto as chemineas de calefacción, ventilación de garaxes, cociñas, establecementos de hostalería, ... deberán chegar ata a cuberta do edificio.

Artigo 27. Caixas de correo de correos.

Todo edificio disporá de caixas de correo para o servizo de correos, de acordo coas normas vixentes.

Artigo 28. Números de policía.

Toda edificación deberá estar convenientemente sinalizada co número que lle corresponda da vía en que estea situada.

Capítulo 4.- Normas xerais volume

Artigo 29.

O obxecto deste capítulo é o establecemento de definicións e criterios en materia de volumes, así como o sinalamento das limitacións a que han de suxeitarse tódalas dimensións de calquera edificación, fixando a forma de aplicar e medir tales limitacións.

Artigo 30. Aliñacións.

Son as liñas que se marcan como tales na documentación gráfica deste plan parcial, fixando o límite da parcela edificable cos espazos libres de dominio público, vías, rúas e prazas.

Artigo 31. Rasantes.

Son os perfís lonxitudinais das vías, prazas ou rúas que se definen neste plan parcial e nos correspondentes proxectos de urbanización.

Artigo 32. Parcela

1. Enténdese por parcela toda fracción da superficie de solo, delimitada co fin de facilita-la execución da urbanización e da edificación, conferir autonomía á edificación por unidades de construción e servir de referencia á intensidade de edificación asegurando a unidade mínima de edificación.

2. Parcela mínima edificable: é a que representa a superficie mínima que ha de te-la parcela para que poida autorizar nela a edificación. As parcelas mínimas serán indivisibles.

3. Considérase como parcela mínima a fixada en cada ordenanza particular.

Artigo 33. Recuamentos da edificación.

1. De fachada: é o ancho da faixa de terreo comprendida entre a liña de edificación e a aliñación exterior.

2. A lindeiros: é o ancho da faixa de terreo comprendida entre a liña de edificación e os límites de parcela coas lindantes.

Artigo 34. Edificabilidade

Designase con este nome a medida da edificación permitida nun tipo de solo, establecida en metros cadrados edificables por cada metro cadrado de solo cualificado por cada ordenanza.

Artigo 35. Superficie ocupada pola edificación (ocupación en planta)

É a comprendida dentro dos límites definidos pola proxección vertical das liñas externas de toda a construción, mesmo os subterráneos e os voos.

Artigo 36. Usos do solo

1. Enténdese por uso do solo a actividade a que se destina ou se atopa afectado.

2. Para estes efectos pódese distinguir entre:

a) Uso global: é o uso principal a que vai destinado e que non exclúe outros usos

b) Usos pormenorizados: son os únicos e exclusivos ós que se pode dedica-los terreos incluídos nas diferentes zonas. Distínguese entre o preferente ou principal e os permitidos.

c) Usos permitidos: son os que se consideran axeitados, ademais do global, nas zonas de ordenanza que se sinalan

d) Usos prohibidos: son os que non se consideran axeitados e son excluídos das zonas de ordenanza que se sinalan.

e) Uso característico: é o uso global que se define en cada área de repartición para os efectos de fixa-lo aproveitamento tipo correspondente.

Artigo 37. Tipoloxías edificatorias previstas, definición.

1. En cada ordenanza particular defínese a tipoloxía edificatoria que será a única admitida.

2. As tipoloxías que se prevén no presente plan parcial son as seguintes:

a) Edificación aberta ou arrimada: edificios que se constitúen en bloques de desenvolvemento vertical, horizontal e mixto, que normalmente van estar illadas, aínda que se poderán emparellar ou agrupar en liña. A liña de edificación normalmente vaise recuar con respecto á aliñación oficial ou exterior, segundo se indique nas condicións de posición da ordenanza. A área libre de edificación que queda unha vez situada esta na parcela será de dominio privado, debendo ser axardinada de forma conveniente podendo ser destinada tamén a aparcamento en superficie.

Artigo 38. Plantas dun edificio

Número de plantas: son as delimitadas para cada ordenanza incluíndo a planta baixa, así por exemplo II refírese a planta baixa e unha planta.

Artigo 39. Sotos

1. Son as plantas situadas baixo rasante da vía ou do terreo natural en cada caso.

2. Só merecerán a devandita consideración as plantas que sobresaian como máximo 1 m da rasante, medida en calquera punto do perímetro do edificio, excluindo naturalmente as zonas de acceso. En caso contrario merecerán a condición de planta semisoto.

3. A altura libre de soto será como mínimo de 2,20 m.

4. Tanto os sotos como os semisotos non computarán para os efectos do volume máximo permitido para a parcela.

Artigo 40. Altura reguladora máxima

1. É a máxima distancia vertical admitida dende a rasante do proxecto ata a cara inferior do último forxado, ou do lintel ou



parte inferior da armadura de cuberta da nave, segundo o caso de que se trate. Fixarase en metros e número de plantas.

2. A altura reguladora máxima fíxase en cada ordenanza como volume edificatorio.

Artigo 41. Plantas.

1. Enténdese por tales os elementos construtivos que compartimentan horizontalmente o volume edificado.

2. Altura libre de planta é a distancia medida dende a superficie do pavimento rematado ata a cara inferior do teito da planta correspondente.

Artigo 42. Criterios para a medición de alturas

1. A altura máxima que se define para cada ordenanza concreta tomarase entre a rasante do solo acabado de nave (solo de proxecto), tendo en conta que a pendente entre o punto medio da vía na fachada principal da parcela e o solo acabado da nave non poderá ser superior ó 5 %, e a cara inferior do último forxado, ou do lintel ou parte inferior da armadura de cuberta da nave, segundo o caso de que se trate. Estas condicións non inclúen a ordenanza IN-1, que se rexerá polas rasantes establecidas na súa parcela.

2. No caso de edificios, cuxa altura veña referenciada á rasante da vía que se constitúan en soares que dean fronte a dúas ou máis rúas con rasantes distintas, deberá aplicarse a altura máxima que resulta na rasante da fachada máis estreita.

Artigo 43. Peches de parcela

1. Os peches de parcela situaranse ó bordo das aliñacións sinaladas nos planos de ordenación.

2. A altura máxima permitida en tódolos casos para a parte cega será de 1,5 m. Esta altura poderase superar ata os 2,5 m con celosías ou forxa, así como elementos vexetais.

3. Nos casos en que existan fortes desniveis entre a rasante da vía á que dá fronte unha parcela e a propia parcela, poderanse construír muros de contención de terras, que cumpriran as seguintes condicións:

a) A parte cega do muro de contención non terá unha altura superior ós 2,00 m sobre a rasante.

b) Sobre o muro soamente poderá dispoñerse un elemento de peche non opaco, cunha altura non maior de 1 m.

c) As barbacás para a escorrentía das terras disporanse de forma que coa vertedura de auga non se produza carrexo de terra á vía pública.

d) A solución terá sempre a finalidade exclusiva de conter terras existentes, rexeitando toda autorización de obra que presuma aumento de nivel de terras do predio sobre as cotas primitivas e de apreciarse este fin durante as obras procederase á suspensión das obras e demais disposicións legais.

4. Os materiais utilizados han de ser aqueles pensados para seren vistos, quedando prohibida a utilización de ladrillos, bloque ou outros materiais similares sen revestir. Queda totalmente prohibida a utilización de arames de espiños, cristais ou todos aqueles elementos que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas.

Artigo 44. Fachada e liña de fachada

1. Fachada: son os paramentos que pechan e delimitan o edificio verticalmente.

2. Liña de fachada: é a proxección vertical sobre o terreo das devanditas fachadas, excluídos os beirados.

Artigo 45. Medianeira.

1. Enténdese por tal a parede lateral de contigüidade entre dous edificios ou parcelas, que poidan utilizarse de forma compartida e sen solución de continuidade dende os alicerces á cuberta, aínda cando a súa continuidade poida quedar interrompida por patios.

Permitiranse edificios acaroados pero con estrutura e cerramento independentes.

2. Os cerramentos que resulten ó descuberto deberán rematarse con tratamento de fachada.

Artigo 46. Corpos voados.

1. Son aqueles que sobresaen da liña de fachada e que teñen o carácter de habitables ou ocupables.

2. Poden ser abertos ou pechados

3. Só se permiten en vías cun ancho maior ou igual a 8 m. A profundidade máxima medida perpendicularmente ó plano de fachada será de 1/12 do ancho da rúa, coa limitación de 1 m.

Artigo 47. Cubertas

1. Enténdese por cubertas de edificación os elementos construtivos que pechan o volume edificado por enriba da cara superior do último forxado ou da cornixa.

2. A tipoloxía destes elementos establécese en cada ordenanza particular.

3. En relación ós corpos que sobresaen da cuberta ateranse ó que estableza en cada caso a ordenanza zonal de aplicación.

Capítulo 5. Normas xerais de uso.

Artigo 48. Usos considerados no plan parcial.

1. Para os efectos deste plan parcial distínguense os seguintes usos:

- Uso industrial e de almacéns.

- Uso administrativo e oficinas.

- Uso comercial.

- Uso garaxe aparcamento e servizos do automóbil.

- Uso estación de servizo e instalacións para subministración de carburantes e/ou combustibles líquidos a vehículos.

- Uso sociocultural.

- Uso asistencial.

- Uso deportivo.

- Uso espectáculos públicos e actividades recreativas.

Artigo 49. Disposicións xerais.

1. Cando nun terreo ou edificación coinciden varios dos usos sinalados con anterioridade, por seren compatibles entre si, cada un deles deberán cumprilas condicións que lles correspondesen por aplicación destas normas.

2. A obrigatoriedade do cumprimento destas normas enténdese sen prexuízo de cantas outras de rango superior se redacten ou sexan redactadas no futuro para cada un dos usos contemplados.

3. Os usos clasifícanse en global, característico e admisibles, baseándose na súa adecuación a cada sector de solo, para os fins da ordenación e a compatibilidade dos usos entre si. Considéranse prohibidos tódolos usos non comprendidos entre os anteriores.

Sección primeira. Uso industrial e de almacéns

Artigo 50. Definición.

É o correspondente ós establecementos destinados á obtención ou transformación de materias primas ou derivadas destas, incluíndo a almacenaxe, envasado, transporte e distribución dos ditos produtos.

Inclúese tamén neste uso os talleres de reparación en xeral e os almacéns destinados á garda, conservación e distribución de materias primas ou manufacturadas que subministren a almacenistas, instaladores, fabricantes e distribuidores, exceptuando os almacéns de venda directa ó público ou os anexos a comercial e oficinas.

Artigo 51. Categorías.

Dentro do uso industrial establécese a seguinte categoría de acordo co seu impacto urbanístico:

Actividades industriais para localizar en zonas e polígonos industriais:



Son aquelas que pola súa envergadura e efectos producidos poden implantarse nas áreas nas cales o uso principal sexa o industrial.

Artigo 52. Avaliación da incidencia ambiental.

As definicións das actividades e a determinación dos seus efectos, contéñense no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental.

Artigo 53. Disposicións de carácter xeral para o funcionamento das actividades industriais.

1. Correspóndelle ó concello a facultade de concesión de licenzas de apertura e posta en funcionamento de calquera clase de industria, así como a comprobación e vixilancia do cumprimento de a normativa vixente.

2. Tódalas instalacións industriais deberán cumprir-las disposicións xerais sobre a materia; de avaliación de incidencia ambiental, normativas técnico-sanitarias, seguridade e saúde, accesibilidade, seguridade contra incendios e demais. As devanditas instalacións deberán realizarse co necesario proxecto redactado por técnico competente.

3. A superficie que ocupa unha industria vén fixada pola suma de superficies de tódolos locais e espazos destinados a esta actividade.

4. Os aseos axustaranse ó previsto na normativa de seguridade e hixiene no traballo e, como mínimo, contarán con aseos independentes para os dous sexos, a razón dun inodoro, un urinario, un lavabo e unha ducha por cada grupo de 20 traballadores ou fracción (non sendo o caso de 3 traballadores ou menos en uso industrial e 5 traballadores ou menos en uso almacén, onde poderán dispor dun único aseos).

5. Os elementos estruturais, construtivos e materiais deberán cumprir coa normativa básica vixente en cada momento.

6. A potencia electromecánica precisa para os efectos de determina-la compatibilidade da localización dunha industria determinada pola suma das potencias dos motores que accionan a maquinaria e aparatos e expresaranse en CV, e non se computarán as instalacións de aire acondicionado, iluminación nin ventilación e aplicaranse os coeficientes de simultaneidade correspondentes.

7. Para os efectos da recollida e eliminación de residuos será de aplicación a regulamentación de residuos industriais e perigosos vixentes en cada momento.

8. Para a prevención e protección contra incendios aplicarase a regulamentación vixente para establecementos de uso industrial, Regulamento de seguridade contra incendios en establecementos industriais.

Sección segunda. Uso administrativo e de oficinas

Artigo 54. Definición.

Inclúense neste uso os edificios nos que predominan as actividades administrativas ou servizos profesionais de carácter público ou privado, incluídos os servizos de banca.

Artigo 55. Categorías.

Considéranse as seguintes categorías:

Categoría 1ª: edificios de uso exclusivo para oficinas.

Categoría 2ª: asociadas a establecementos de tipo industrial.

Artigo 56. Condicións particulares.

1. Nos locais de oficinas que se establezan en semisoto e teñan entrada pola vía pública, salvarase o desnivel mediante unha escaleira que deixe unha meseta de 1 metro de fondo, como mínimo, ó nivel do batente. Esta escaleira terá un ancho superior a 1,10 metros. A altura libre da entrada terá unha dimensión mínima de 1,90 metros e a do local non será inferior a 2,50 metros.

2. Nos restantes pisos, a altura dos locais de oficina será a que se fixe na ordenanza específica de cada zona.

3. Os locais de oficinas terán os seguintes servizos.

Ocupación:

- Ata 5 persoas: 1 aseos dotado de retrete e lavabo.

- entre 5 e 50 persoas: 1 aseos por sexo con retrete e lavabo.

- Máis de 50 persoas: incrementarase un retrete por cada 50 persoas e un lavabo por cada 100 ou fracción.

Estes servizos non poderán comunicar directamente co resto dos locais, dispoñéndose cun vestíbulo de illamento.

4. A luz e ventilación dos locais e oficinas poderá ser natural ou artificial. No primeiro caso, os ocios de luz e ventilación deberán ter unha superficie total acorde co uso establecido. No segundo caso esixírase a presentación dos proxectos detallados das instalacións de iluminación e acondicionamento de aire (se o esixe a regulamentación correspondente), que deberán ser aprobados polo concello, quedando estas instalacións sometidas a revisión antes da apertura do local e en calquera momento.

No suposto de que non fosen satisfactorias ou non funcionasen correctamente, en tanto non se adopten medidas correctoras oportunas, o concello poderá pechar total ou parcialmente o local.

5. Esixíranse as instalacións necesarias para garantir-lles á veciñanza e viandantes a supresión de molestias, olores, fumes, ruidos, vibracións, etc.

6. En edificios de oficinas, cando as escaleiras vaian ser utilizadas polo público, terán un ancho mínimo de 1,10 m.

7. Contarán con tódalas medidas contempladas no documento básico de seguridade en caso de incendio do CTE ou calquera outra disposición de rango igual ou superior que a substitúa.

8. Serán de aplicación as disposicións sobre barreiras arquitectónicas que se contén na lei en vigor e o seu regulamento en desenvolvemento, naqueles casos en que a propia lexislación o prevexa.

Sección terceira. Uso garaxe aparcamento e servizos do automóbil.

Artigo 57. Definición.

1. Denomínase "garaxe-aparcamento" a todo lugar destinado a estancia de vehículos de calquera clase, a superficie da cal sexa apta para aloxar máis de cinco vehículos segundo a ratio que se contén neste capítulo. Considéranse incluídos, dentro desta definición, os lugares anexos de paso, espera ou estancia de vehículos, así como os depósitos para a venda ou alugamento de coches.

2. Considéranse "talleres de automóbil" os locais destinados á conservación e reparación do automóbil, mesmo os servizos de lavado e engraxado.

Artigo 58. Clasificación.

Considéranse neste caso as seguintes categorías:

Categoría 1ª: garaxe-aparcamento de uso colectivo en planta baixa, e/ou semisotos ou sotos de edificios destinados a outros usos, con capacidade superior a cinco vehículos

Categoría 2ª: garaxe-aparcamento en edificio exclusivo.

Categoría 3ª: talleres de mantemento, reparación, conservación, entretemento e limpeza de automóbiles.

Artigo 59. Condicións de carácter xeral.

1. A instalación e uso de garaxes-aparcamentos e locais para o servizo do automóbil deberán axustarse ás prescricións destas ordenanzas e demais disposicións sectoriais vixentes.

2. O concello poderá denega-la súa instalación naqueles terreos situados en vías que, polo seu tránsito ou características urbanísticas ou ambientais singulares así o aconsellen, salvo que se adopten as medidas correctoras oportunas mediante as condicións que cada caso requira.

Para autoriza-la explotación de garaxes en categoría 1ª como servizos de aparcamento ó público, deberanse garantir previa-



mente a reserva de prazas esixida pola intensidade de usos prevista para a parcela ou edificio.

3. No caso de establecemento en planta baixa, semisoto e soto, a altura libre mínima en calquera punto será de 2,20 metros.

4. Prazas de aparcamento: enténdese por praza de aparcamento unha superficie mínima de 2,20 x 4,50 metros. Sinalaranse no pavimento as localizacións e corredores de acceso dos vehículos, sinalización que figurará nos planos de proxecto que se presenten ó solicita-la concesión de licenzas de construción, instalación, funcionamento e apertura.

5. Preveranse, no interior da parcela, prazas de aparcamento a razón de 0,45 prazas por cada 100 m² construídos, podendo computalo 25 % nas prazas existentes nas vías públicas.

6. En todo caso adoptaranse as disposicións sobre barreiras arquitectónicas que se conteñen na lei en vigor e o seu regulamento.

Artigo 60. Establecementos anexos ós garaxes-aparcamentos.

Permitirase a instalación de talleres, sempre que contén coa oportuna licenza co procedemento conxunto coa avaliación da incidencia ambiental e cumpran as medidas correctoras que nela se lle imponhan.

Artigo 61. Condicións particulares dos garaxes-aparcamentos de categoría 1ª e 2ª.

1. Todo garaxe-aparcamento disporá dun espazo de acceso de 3 metros de ancho.

a) Os de menos de 800 m² terán un único acceso dende a vía pública.

b) Os garaxes-aparcamentos de superficie útil maior ou igual a 800 m² e inferior a 3000 m², disporán de acceso a vehículos e de persoas diferenciado, cumprindo o de persoas tanto no seu dimensionamento como nas súas condicións construtivas co disposto na lexislación de protección contra o lume.

c) Os de superficie útil igual ou superior a 3000 m² contarán necesariamente con entrada e saída diferenciadas cun ancho mínimo de 3 metros para cada dirección, independentemente dos accesos peonís necesarios pola lexislación de protección contra os incendios.

2. As ramplas de acceso terán unha pendente máxima do 16% cando sexan rectas e do 12% cando se trate de tramos curvos. A súa anchura mínima será de 3 metros, co sobreancho necesario nas curvas.

3. Os de superficie útil igual ou superior a 2000 m², deberán ter aseos diferenciados para homes e mulleres, dotados polo menos dun retrete e un lavabo cada un deles, que terán ventilación natural ou mecánica.

4. Os garaxes-aparcamentos de superficie útil igual ou superior a 3000 m² deberán ter aseos diferenciados para homes e mulleres, dotados polo menos dun retrete e un lavabo cada un deles, que terán ventilación natural ou mecánica.

5. As escaleiras deberán cumprir coas dimensións que se fixan no documento básico de seguridade en caso de incendio do CTE.

6. A ventilación e iluminación rexeráse polo disposto na normativa para o efecto (CTE e demais regulamentación). E o mesmo cabe dicir das condicións dos elementos construtivos e materiais e instalacións tanto ordinarias como específicas de protección contra o lume.

Artigo 62. Condicións particulares dos garaxes-aparcamentos en parcela interior e espazos libres privados.

1. Non se poderán desenvolver actividades complementarias do propio estacionamento que orixinen molestias á veciñanza,

tales como reparacións, ben sexa mecánica, chapa ou calquera outro tipo, incluído o mantemento (lavado e engraxado...)

2. As condicións de accesibilidade serán idénticas ás de categoría segunda.

Artigo 63. Talleres do automóbil: (categoría 3ª):

Ademais das condicións establecidas nestas ordenanzas e disposicións legais vixentes que lle fosen de aplicación, cumpriran as seguintes:

a) Axustaranse ás especificacións que sexan de aplicación sobre construción, ventilación, instalacións contra incendios e desaugadoiros que se prescriben para os garaxes-aparcamentos nestas ordenanzas.

b) Disporán, dentro do local, dunha praza de aparcamento perfectamente acoutada, por cada 80 m² de taller, cun mínimo de dúas prazas.

Sección cuarta. Uso estación de servizo e instalacións para a subministración de carburantes e/ou combustibles líquidos a vehículos.

Artigo 64. Estacións de servizo.

Definición: tal e como se indica no enunciado, trátase daquelas instalacións para subministración a vehículos de gasolinas, gasóleos e lubricantes, en tódalas súas categorías (estacións de servizo, unidades de subministración...), podéndose instalar dentro dos seus límites ou extremos edificios ou instalacións destinadas á venda de bens e servizos destinados aos usuarios.

Artigo 65. Condicións.

Serán de aplicación tódalas disposicións vixentes na materia, en especial as seguintes:

a) As prescricións técnicas da instalación, adaptaranse ó contido na instrución técnica complementaria (ITC) ou MI-IP04, ou norma de igual ou superior rango que a substitúa.

b) Disporán de aparcamentos en número abondo para non entorpece-lo tránsito, cun mínimo de 2 prazas por surtidor.

c) Se se establecesen servizos de lavado e engraxado, deberán instalarse coas condicións sinaladas polas disposicións legais vixentes na materia.

d) Situaranse os surtidores e depósitos segundo o establecido na MI-IP04.

e) As disposicións sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas contempladas na Lei en vigor e o seu regulamento de desenvolvemento.

Sección quinta. Uso sociocultural.

Artigo 66. Definición.

Corresponde ós edificios e/ou locais dedicados á difusión da cultura e celebración de actividades de carácter comunitario non consideradas como espectáculos (conferencias, reunións,...)

Artigo 67. Clases.

Clasifícanse do seguinte xeito:

a) Centros culturais non docentes; bibliotecas, auditorios, salas de exposicións, museos, ...

b) Centros socioculturais parroquiais, clubs, centros de reunión de anciáns, sedes de asociacións culturais, etc.

Artigo 68. Categorias.

Contéplase a seguinte categoría:

Categoría 1ª: en edificio de uso exclusivo.

Artigo 69. Condicións particulares.

Ademais das que fixen as disposicións sectoriais vixentes, cumpriran as que sexan de aplicación segundo esta normativa.

Sección sexta. Uso asistencial.

Artigo 70. Definición.

Corresponde ás actividades de tipo social e de servizos que demandan unha atención diferenciada (centros para a terceira idade, educación de diminuídos psíquicos, asilos, orfanatos,...)



Artigo 71. Categorías.

Contéplase a seguinte categoría:

Categoría 1ª: en edificio de uso exclusivo.

Artigo 72. Condicións particulares.

Ademais das que fixen as disposicións sectoriais vixentes, cumprirán as que sexan de aplicación segundo este documento de normativa.

Sección sétima. Uso deportivo.

Artigo 73. Definición.

Comprende as actividades relacionadas coa práctica e o ensino da cultura física e o deporte.

Artigo 74. Categorías.

Establécense as seguintes categorías:

Categoría 1ª: campos e pistas deportivas sen espectadores ou con pequeno auditorio (menos de 200 espectadores).

